

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE CORUÑA CO XEFE TERRITORIAL CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 4 DE MARZO DE 2015

A reunión celébrase no edificio administrativo de Campolongo e comezou ás 10 horas. Asistiron o XT, Xefe de Inspección, Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG, FETE-UXT, ANPE e CSIF.

A Orde do Día foi a seguinte:

1: Aprobación se procede das actas de novembro do 2014.

A acta queda aprobada así como as alegacións que se fan: Agradecementos ao presidente anterior por boas formas e bó facer para coa XP e dar a benvida aos novos compoñentes, así como que se aspire a un ambiente de tranquilidade, calma e consenso.

Tamén, dentro do grupo sindical, criticase a ausencia e non participación nas eleccións sindicais por parte dos representantes da administración, táchase de falta de cortesía cara ó proceso sindical e representación/defensa do profesorado. Alegan que non quixeron molestar á mesa coordinadora.

2. Seguimento asuntos:

2.1. CEIP Vales Villamarín.

Os cartos que recibiron corresponden á parte proporcional do 14. Remate de cuatrimestre. 30 30 40 non o orzamento total do ano.

Pediuse un xefe de estudos de infantil para que coordinara o espazo tan específico pero esixe un cambio de normativa co cal estan dacordo. Pídesse dende a XUNTA de personal que solicite á xefatura que se fagan dous ceips no vales, dous centros distintos.

2.2. Orzamentos do CEIP O Mosteirón.

Non hai reunión de contas nin comisión. Falaráse con inspección para a xestión dos cartos e designar unha xestión. Queda por escrito ese compromiso do concello de soste-lo cole.

2.3. Cambio nome centros: CEIPs Eugenio López y López, Montel Touzet, cambio de nomes.

Insístese que hai que cumprir a lei de rango estatal, e que se teñen que cambiar os nomes que aínda se conservan. Comprométense a retomar o proceso, pero o inspector xefe alega que no caso do Montel Touzet a causa é que a comunidade educativa é a que ten conflito...

3. Escolarización do neno de Cambre no CEIP Portofaro

A familia négase a escolarizar a un neno no Graxal que é onde lle correspondería por lei e onde hai enfermeira/coidadora que atende a tres nenos máis e quen a instancias da XT accede a ir a portofaro a atender a este neno. A familia, non acepta e escolariza ao neno en Portofaro e pide que a nai sexa contratada dalgunha maneira para que sexa ela quen atenda ao neno no cole. Como non se pode facer isto, actívase o protocolo de alerta112, incluso lle ofrecen a escolarización domiciliaria todo o que está na man da XT e a todo a familia négase. Acaba no TSXG quen da á razón á administración, así como tamén, o valedor do pobo. Actualmente, o tema está na fiscalía.

Pídesse dende a XP que haxa convenios para que se eviten estes tipos de conflitos..

A xefatura pide que a xp pida un cambio de lexislación de escolarización ao que nós replicamos

que non é o noso deber, senón que é deber da XT e da admón cambiar esa lei. Defendemos o cumprimento da normativa sobre a dotación humana e recursos nestes casos, e que se abran vías de beneficio bidireccional, a través dos convenios..

4. A Barcia: perden un PT cun aula con grandes dificultades. Non garante a seguridade física do profe. A cuidadora négase a estar na aula con PT. Pedimos que se conte a falta de PT e que se revise a ratio nestes casos graves. Tamén se pide regular as funcións dos profesionais, dende a admón.

5. Emilia Pardo Bazán. Falta rematar un aula específica para un neno con Síndrome de West. Non se están usando pero xa empezarán en breve a funcionar.

6. Plan PROA (Contratos programa) . Dende a XP criticase que estes programas están directamente ligados á voluntariedade do profesorado existente para poder seren adxudicados. Criticase que se cree un ránking de centros e tamén deixar que se diga que é o profesorado o que rexeita os programas insinuando a súa culpabilidade na non adxudicación. A XT alega dependencia económica non de necesidades. Pídese que non sexa así.

7. Novo cole: Afecta á Area de San Pedro de nós, Rabadeira e ao Valle Inclán. Ogallá afecte ao Graxal para que así se desmasifique.

As prazas deste novo cole vanse cubrir polas vías ordinarias (CXT) xa que co tempo tanto a Rabadeira como o Valle perden dúas aulas de catálogo de forma gradual, por seren aulas habilitadas.

8. Avaliación externa.... O persoal que vai facer a avaliación será o profesorado do centro que non lle dea clase ao alumnado.

Nas unitarias ou centros incompletos que non haxa profesorado suficiente haberá que facer agrupación.

5. Información sobre expedientes disciplinarios:

Infórmase da apertura dun expediente disciplinario e da resolución doutro.

6. Rogos e preguntas.

Puntos a tratar na seguinte reunión da XP.

Medidas en Culleredo.

Como queda a FP básica.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.